



O Decreto 1497/87 sobre directrices xerais comúns dos planos de estudio establece os elementos para que os alumnos poidan configurar o seu currículo non soamente a través da tradicional superación de materias, senón tamén a través doutros métodos como son as prácticas en empresas.

A ambivalencia coa que está configurada a libre configuración curricular permite que eses créditos que deben ser cursados en tódolos planos de estudio se realicen ben por materias, ben mediante a realización dos seminarios ou actividades que estableza a Universidade. Para a aplicación do disposto na norma estatal sobre prácticas en empresas a Universidade de Santiago de Compostela desenvolveu os procedementos que figuran no Acordo de Xunta de Goberno do 3 de novembro de 1996 (título VIII) (*e no Acordo da Xunta de Goberno do 31 de outubro de 1996*). Neste acordo establécense, entre outros aspectos, os procedementos para o recoñecemento de actividades que poden ser imputadas como de libre elección para tódalas titulacións desta Universidade.

O Consello Social, como órgano de participación da sociedade na universidade, ven desenvolvendo unha actividade de acercamento entre empresas e universidade a través de convocatorias que permite ós alumnos da Universidade de Santiago de Compostela realizar prácticas en empresas.

Co obxecto de recoñecer un valor curricular a ditas prácticas é conveniente establece-lo seguinte procedemento.

POR TODO O EXPOSTO ESTA (*XUNTA DE GOBERNO ACORDOU*):

**PRIMEIRO.- RECOÑECIMENTO DAS PRÁCTICAS CONVOCADAS POLO
CONSELLO SOCIAL**

As prácticas en empresas que convoca o Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela poderán ser imputadas en calquera titulación como créditos de libre elección.



SEGUNDO.- RECOÑECIMIENTO

Unha vez rematada-las prácticas, e sen prexuízo de calquera outra acreditación que se lles poida expedir ós alumnos, se lles expedirá unha certificación conforme modelo adxunto para que proceda o recoñecemento por parte da Universidade de Santiago de Compostela. O acto de recoñecemento devengará os prezos públicos segundo o número de créditos que se recoñecen.

DISPOSICIÓN FINAL.- CONVENIOS ANTERIORES Ó PRESENTE ACORDO

Recoñécesen cos efectos previstos ó presente acordo as convocatorias realizadas con anterioridade, así como as prácticas realizadas polos alumnos que serán susceptibles de ser recoñecidos como de libre elección trala expedición do oportuno certificado e o pago dos prezos públicos que se devenguen.

DILIXENCIA: Para facer constar, antes da aprobación da acta correspondente, que a Xunta de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 27 de febreiro de 1997, acordou aproba-lo recoñecemento das prácticas convocadas polo Consello Social como créditos de libre elección. Co Visto e Prace do Excmo. e Magfco. Sr. Rector.

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 1997

Vº e Pr
O RECTOR

O SECRETARIO XERAL

[Handwritten signature of F. Darío Villanueva Prieto]  *[Handwritten signature of Gumersindo Guinarte Cabada]*

F. Darío Villanueva Prieto

Gumersindo Guinarte Cabada